

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 31.10.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.04 h do 31.10.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto (quen abandona a sesión antes do comezo do punto 12 da orde do día), Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

María Teresa Diz Alonso

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias do 05.04.2018 e 03.05.2018

Ao non haber ningunha obxección, quedan aprobadas as actas das sesións ordinarias do 05.04.2018 e 03.05.2018.

2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 1184/2018 ao núm. 1312/2018

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, expón que non recibiron as resolucións citadas.

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente aos 2º e 3º trimestres do 2018

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai referencia ao número elevado de facturas pendentes de pago ao final do trimestre, ascendendo a 596 por un importe de case 500.000 euros, solicitando se corrixa antes de cerrar o ano.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, solicita unha explicación pormenorizada por parte do Goberno do elevado número de facturas pendentes.

No mesmo sentido expresase a representante do Grupo Mixto.

A Concelleira de Facenda, Rocío Bértoa, explica que están dentro da lexislación no período medio de pago e cun período mais curto que no ano anterior. En relación aos 469.267,36 euros pendentes de pago, 300.00 euros corresponden a facturas, na súa maioría de luz, do ano 2017 que se volveron a presentar en maio deste ano. Sendo o pendente deste ano uns 150.000 euros

O voceiro do grupo socialista solicita que se lles dea unha explicación dos 169.000 euros restantes que estarían pendentes e que non se explicaron, porque o habitual é deixar pendentes por número e importes sensiblemente inferiores.

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do informe de intervención sobre as abrigas de subministro de información previstas no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao 3º trimestre do 2018

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey aclara estes datos non se levaron a comisión, que hai un saldo pendente de máis de 400.000 euros, o que quere dicir que neste orzamento presentado en agosto xa non se tiñan eses cartos; supón que ese é un dos motivos polos que non se pagan eses cartos e roga que se corrixa para poder dar cumprimento á regra de gasto.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, solicita saber que vai facer a Concellería de Facenda coa débeda pendente, e se ten algún plan de acción para corrixir esta situación.

A voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, explica que a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito terase a partida orzamentaria necesaria para o pago das facturas pendentes.

Os concelleiros danse por informados.

O alcalde decide alterar a orde do día en atención aos traballadores de Noa, dado que o Pleno se alonxaría bastante, de forma que pasa a tratarse o punto 11.

11. Mocións urxentes

11.1 Aprobación, se procede, da modificación puntual do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Fene e do Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Fene

A alcaldía presenta a seguinte proposta do concelleiro de Persoal, aprobada por unanimidade dos representantes sindicais e da administración na Mesa Xeral de Negociación do Concello de Fene na súa sesión do 30.10.2018, que queda incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a urxencia pola unanimidade dos concelleiros presentes e previa explicación da urxencia por parte da voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, que a motiva en base a que a modificación do acordo regulador vén dada pola aprobación e entrada en vigor dos orzamentos do estado do 2018 en xullo e que posibilitan que as administracións poderán asumir o 100% das retribucións nas baixas temporais, modificando ó establecido dende o ano 2012 en relación as incapacidades temporais, de tal forma que considera que urxe a súa aprobación para que calquera a quen lle afecte se poida beneficiar:

“PROPOSTA CONCELLEIRO PERSOAL

Asunto: MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL Ó SERVIZO DO CONCELLO DE FENE E DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE FENE

O artigo 5.4 do acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Fene (BOP A Coruña núm. 210 do 11.09.1992) determina:

“O Concello asegurará a percepción do 100% das retribucións básicas e complementarias, agás aqueles complementos que estén desenhados a retribuí-la nocturnidade, festividade, penosidade, peligrosidade, etc. Os funcionarios/as en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, débense xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativo.”

Pola súa banda, o artigo 17º do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Fene (DOGA núm. 178 do 14.09.1999, modificación publicada no BOP núm. 11 do 14.01.2008) establece:

“O persoal laboral percibirá desde o primeiro día de baixa, derivada de calquera continxencia, un complemento que garanta a percepción do 100% das súas retribucións.”

O pleno do Concello, en sesión realizada o 11.10.2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“(…)

Primeiro.- O Concello de Fene, no ámbito das súas competencias, e de acordo co establecido no artigo 9 do Real Decreto-lei 20/2012, complementará a partir do día 15/10/2012, as prestacións que percibirá o persoal funcionario incluído no Réxime xeral da seguridade social e o persoal laboral ao seu servizo nas situación de incapacidade temporal, de acordo co seguinte detalle:

1.1.- Aboarase un complemento, ata alcanzar o 100% das retribucións que se veñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade, dende a data de inicio, nos supostos de incapacidade temporal por continxencias profesionais, así como nos supostos de incapacidade temporal por continxencias común xerados por:

- Hospitalización, e incapacidade transitoria derivada da mesma
- Intervención cirúrxica e recuperación postoperatoria
- Lesións graves ou enfermidades incapacitantes debidamente acreditadas mediante o correspondente informe/parte médico oficial.
- Enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011, de 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave

Igualmente, o persoal municipal tamén percibirá un complemento á prestación económica que perciba ata acadar o 100% das retribucións nas situacións de:

- Maternidade.
- Risco por embarazo.
- Risco durante a lactancia natural.
- Paternidade.
- Incapacidade por enfermidade común, durante o embarazo, e derivada de dita situación de embarazo; para isto deberase presentar, xunto co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva do mesmo
- Incapacidade Temporal sen hospitalización provocada por enfermidades/patoloxías crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables. Neste caso, se require a existencia de diagnóstico/informe médico oficial que acredite que as situacións de incapacidade temporal se derivan de ditas enfermidades/patoloxías

1.2.- Nos restantes casos de incapacidade temporal que se derive de continxencias comúns o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día, ambos inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

c) A partir do vixésimo primeiro día, inclusive, aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións que se viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Segundo.- En todo o non contemplado, de xeito específico, nas presentes normas, deberase estar ao previsto, ao respecto desta materia, no referido RDL 20/2012, de 13 de xullo, así como na restante normativa que, en cada momento, resulte de aplicación.

En todo caso, no tocante á normas de tramitación que deban rexer a aplicación práctica do réxime retributivo, en situación de incapacidade temporal, que se ven de clarificar, estarase ao disposto nas Instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia, con data de 7 de maio de 2012, sobre aplicación dos complementos de incapacidade temporal. Instrucións que, en calquera caso, resultarán aplicables mentres non se elaboren, no propio Concello, unhas propias e específicas, ou ata que, de ser o caso, deban ser substituídas por outras que, por aplicación das previsións normativas vixentes en cada momento, resulten de obrigado cumprimento.

Terceiro.- Enténdense suspendidos os artigos correspondentes do Acordo do Persoal Funcionario e Convenio Colectivo que contradigan o contido do presente acordo, sin perxuízo de que, nun momento posterior se proceda á modificación dos mesmos.

Cuarto.- Publicar este acordó no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Quinto.- Dar conta aos representantes sindicais dos traballadores.”

O 04.07.2018 publicouse no BOE núm. 161 a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018.

A Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, titulada "Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas y organismos y entidades públicas dependientes de las mismas" dispón:

"Uno. Cada Administración Pública podrá determinar, previa negociación colectiva, las retribuciones a percibir por el personal a su servicio o al de los organismos y entidades públicas dependientes, en situación de incapacidad temporal y en el caso del personal funcionario al que se le hay expedido licencia por enfermedad, de acuerdo con las siguientes reglas:

1ª Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen General de la Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal.

2ª Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen de Mutualismo Administrativo, de acuerdo con el régimen retributivo establecido en su normativa, además del subsidio de incapacidad temporal, cada Administración Pública podrá acordar, previa negociación colectiva, para el período de tiempo que no comprenda la aplicación del subsidio de incapacidad temporal, la percepción de hasta el cien por cien de las retribuciones, básicas y complementarias, correspondientes a sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal. Durante la percepción del subsidio por incapacidad temporal, éste podrá ser completado por el órgano encargado de la gestión de personal, previa negociación colectiva, hasta alcanzar como máximo el cien por cien de las retribuciones que el funcionario hubiera percibido el mes de inicio de la incapacidad temporal.

Para el período de tiempo en el que ya se aplique el subsidio por incapacidad temporal, se estará a lo previsto en su actual normativa reguladora.

Dos. Para la determinación de lo previsto en los apartados anteriores podrán, en su caso, establecerse diferentes escenarios retributivos en función del tipo de contingencia que haya dado lugar a la incapacidad temporal o a la duración de la misma, sin que en ningún caso el régimen de seguridad social de pertenencia pueda justificar un trato más perjudicial para uno u otro colectivo, computando para ello tanto las prestaciones o subsidios a que se tengan derecho como las retribuciones que se abonen por la Administración respectiva, para lo cual dicha Administración deberá aprobar, de acuerdo con lo previsto en el apartado anterior, el abono de unas retribuciones que permitan garantizar esta equivalencia de percepciones.

Los supuestos de incapacidad temporal derivados de contingencias profesionales, así como los que afecten a la mujer gestante, deberán tener necesariamente el trato más favorable de los acordados por la Administración respectiva.

Tres. Por las distintas Administraciones Públicas deberá regularse la forma de justificación de las ausencias por causa de enfermedad o que den lugar a una incapacidad temporal, mediante la exigencia del correspondiente parte de baja o documentación acreditativa, según proceda, desde el primer día de ausencia.
(...)."

A estes efectos, e co fin de configurar un sistema complementario de protección en caso de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais o máis amplo posible no Concello de Fene, sométese a consideración da MESA DE NEGOCIACIÓN, para á súa posterior elevación ao Pleno, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 5.4 do acordo regulador vixente das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Fene, que será substituído polo novo artigo coa seguinte redacción:

"Artigo 5.4.- Prestación económica na situación de incapacidade temporal

Respecto ao persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social, establécese un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación de Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

Os/as funcionarios/as en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, deben xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativo."

SEGUNDO.- Modificar o artigo 17º do convenio colectivo vixente para o persoal laboral do Concello de Fene, que será substituído polo novo artigo coa seguinte redacción:

“Artigo 17º.- Prestación económica na situación de incapacidade temporal

Respecto ao persoal laboral, establécese un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación de Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

O persoal laboral en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, debe xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativo.”

TERCEIRO.- A prestación económica por incapacidade temporal establecida neste acordo aplicarase ás situacións de incapacidade temporal producidas desde a data da súa adopción.

CUARTO.- Deixar sen efecto o acordo do pleno, na súa sesión do 11.10.2012, que aprobou o establecemento de límites para o pago da incapacidade temporal e accidentes de traballo, ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo.

QUINTO.- Designar a xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx , para solicitar a inscrición deste acordo, dentro do prazo de quince días a partir da súa adopción, no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON), adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como para a realización de cantas actuacións administrativas sexan pertinentes para a formalización do presente acordo.

Fene, 25 de outubro de 2018
O concelleiro de Persoal
Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez”

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, aclara que non se lles informou na comisión deste asunto e mostra a súa conformidade coa medida.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai referencia que as restricións nos dereitos do ano 2012 foi feita polo Partido Popular penalizando aos traballadores das administracións públicas, de tal forma que pagaron a crise co peto dos que menos poder adquisitivo teñen e xusto é cando goberna o PSOE cando se devolven eses dereitos. Anuncia voto a favor.

A voceira do Grupo Mixto, M^a Carmen Martínez Rodríguez, tamén manifesta que non se lles informou en tempo e forma nas comisións informativas que se ía a facer unha mesa de negociación, e que lles parece xusto que ós traballadores se lles devolvan os seus dereitos.

A voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, afirma que o goberno que realizou os recortes no ano 2012 é o mesmo goberno que os devolve trala aprobación dos orzamentos de xullo de 2018, e tamén afirma que no período 2011-15 o goberno municipal existente adoptou un acordo para pagar os traballadores municipais o 100%, afirmando que tralo cambio de goberno no Concello de Fene, pasouse a facer o desconto estipulado na lei nas baixas temporais.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, en resposta a afirmación da voceira do grupo do PP afirma que está mentindo e que pregunte aos servizos técnicos do Concello e solicita que non minta nos Plenos do Concello.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, responde á voceira do grupo do PP, que cando entrou en vigor esta normativa estaba gobernando o Partido Socialista.

A concelleira Rocío Bértoa contesta o voceiro do grupo do BNG, que os informes dos servizos técnicos eran os mesmos con calquera dos gobernos, limitando o pago do 100% nas baixas por lei, pero que o Alcalde durante o período 2012-2015 levantaba o reparo e pagábase o 100%, afirmando que a partir do 2015 estando o voceiro do BNG de alcalde, non levantaba o reparo e descontábase a porcentaxe establecida aos traballadores. Tamén afirma que se lle pagou un carné a un traballador, levantando o anterior Alcalde o reparo feito polos técnicos.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, reposta á Concelleira dicindo que iso non é certo e que en relación ao pago dun carné a un traballador tiña coma finalidade aforrarlle ao Concello 60.000 euros anuais de subcontratación e formar ao personal do Concello.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 5.4 do acordo regulador vixente das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Fene, que será substituído polo novo artigo coa seguinte redacción:

“Artigo 5.4.- Prestación económica na situación de incapacidade temporal

Respecto ao persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social, establécese un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación de Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

Os/as funcionarios/as en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, deben xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativo.”

SEGUNDO.- Modificar o artigo 17º do convenio colectivo vixente para o persoal laboral do Concello de Fene, que será substituído polo novo artigo coa seguinte redacción:

“Artigo 17º.- Prestación económica na situación de incapacidade temporal

Respecto ao persoal laboral, establécese un complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación de Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

O persoal laboral en situación de baixa por enfermidade ou accidente laboral, debe xustificar tal situación mediante o correspondente parte facultativo.”

TERCEIRO.- A prestación económica por incapacidade temporal establecida neste acordo aplicarase ás situacións de incapacidade temporal producidas desde a data da súa adopción.

CUARTO.- Deixar sen efecto o acordo do pleno, na súa sesión do 11.10.2012, que aprobou o establecemento de límites para o pago da incapacidade temporal e accidentes de traballo, ao abeiro do artigo 9 do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo.

QUINTO.- Designar a XXXXXXXXXXXXX , para solicitar a inscrición deste acordo, dentro do prazo de quince días a partir da súa adopción, no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (REGCON), adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como para a realización de cantas actuacións administrativas sexan pertinentes para a formalización do presente acordo.

11.2 Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos 19/2018, subexpediente 4/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais

A alcaldía presenta a seguinte Proposta da alcaldía que queda incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a urxencia pola unanimidade dos concelleiros presentes, unha vez que xustificou a urxencia a voceira do PP, Rocío A. Bértoa Puente, en que é preciso dotar á Policía dun vehículo por ter a flota obsoleta e a modificación inda ten que ser publicada no BOP e a subministración ser obxecto de licitación:

**“PROPOSTA DA ALCALDIA
2018/G006/000086**

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 19/2018, subexpediente 4/2018 de suplemento de créditos, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia achegada no expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 19/2018, subexpediente 4/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de **57.802,00** euros co seguinte detalle:

1.- Aplicacións orzamentarias afectadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Adquisición de vehículo para a Policía Local	57.802,00	57.802,00	132/624.00

Medios de financiación do gasto

Proponse que a financiación se realice con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 57.802,00 euros:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Liquido de Tesorería	57.802,00
	TOTAL INGRESOS	57.802,00

Segundo. - Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do suerávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTO FINANCIEIRAMENTE SUSTENTABLE o incluídos neste expediente:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Adquisición de vehículo para a Policía Local	57.802,00	57.802,00	132/624.00

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

Asinado polo alcalde, Gumersindo Pedro Galego Feal, na data da marxe."

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, recorda que existiu unha comisión fai cinco

días e non se debateu este tema, polo que se queixa polo procedemento.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, afirma que as explicacións da Concelleira non lles convencen, xa que a urxencia non existiría se houberse unha correcta planificación, estando a favor da adquisición do vehículo.

A voceira do Grupo Mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, tamén se suma a protesta de que non se incluíra na comisión anterior, temas que agora se traen por urxencia.

A voceira do grupo do PP explica que na comisión de Facenda, se deu conta de que se estaba facendo un expediente de modificación de crédito para adquisición de vehículo policial, e que debido a prazos administrativos non se puido traer antes no expediente correspondente.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro. - Aprobar o expediente de modificación de créditos 19/2018, subexpediente 4/2018 de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 57.802,00 euros co seguinte detalle:

1.- Aplicacións orzamentarias afectadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Adquisición de vehículo para a Policía Local	57.802,00	57.802,00	132/624.00

Medios de financiación do gasto

Proponse que a financiación se realice con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 57.802,00 euros:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Liquido de Tesorería	57.802,00
	TOTAL INGRESOS	57.802,00

Segundo. - Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTO FINANCIEIRAMENTE SUSTENTABLE o incluídos neste expediente:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Adquisición de vehículo para a Policía Local	57.802,00	57.802,00	132/624.00

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

11.3 Aprobación, se procede, da Moción conxunta dos grupos municipais do Partido Popular (PP), Bloque Nacionalista Galego (BNG), Partido Socialista Obreiro Español (PSdeG-PSOE), Somos Fene e Esquerda Unida (IU) do Concello de Fene de apoio os traballadores de NOA MADERA CREATIVA S.L

A alcaldía presenta a seguinte moción urxente que queda incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a urxencia pola unanimidade dos concelleiros presentes:

“MOCION CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR (PP), BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL (PSdeG-PSOE), SOMOS FENE e ESQUERDA UNIDA (IU) DO CONCELLO DE FENE

Dona Rocío Bértoa Puente, Voceira do Partido Popular, Don Juventino Trigo Rey, Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, Don Antón Lois Noceda Carballo, Voceiro do Partido Socialista Obreiro Español, Don Xoán Manuel Rodríguez Bastida, Voceiro de Somos Fene e Dona María do Carmen Martínez Rodríguez, Voceira de Esquerda Unida, no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente, presentan, para o seu debate no pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN

NOA MADERA CREATIVA, é una empresa establecida no Polígono Industrial de Vilar de Colo dende hai varios anos e conta na actualidade con preto de 250 traballadoras e traballadores dedicándose, principalmente, a construción de tendas para grandes cadeas comerciais, sendo o seu principal cliente a multinacional Inditex.

Recentemente NOA foi comprada polo Grupo Malasa, con sede social no Concello de Cerceda, dedicándose a o mesmo sector produtivo.

En datas recentes informouse aos traballadores e aos seus representantes da intención da empresa de iniciar un ERE extintivo para máis de 100 traballadores.

Os membros do Comité de Empresa de NOA MADERA CREATIVA solicitan do Pleno do Concello de Fene que se adopten os seguintes a ACORDOS:

- 1.- A totalidade dos grupos políticos do Concello de Fene dan o seu apoio os traballadores de NOA MADERA CREATIVA S.L.
- 2.- Solicitan da empresa o mantemento dos postos de traballo en dita sociedade e a calidade do mesmo evitando o desvío de carga de traballo de NOA a outras sociedades do grupo MALASA.
- 3.- Apoio a retirada do ERE Extintivo que a empresa MALASA ten intención de presentar.
- 4.- O mantemento das condicións actuais de emprego e aposta polo mantemento do centro de traballo de NOA MADERA CREATIVA no Polígono Industrial de Vilar de Colo no Concello de Fene.”

O Voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, intervén para reafirmar o seu apoio ás reivindicacións do comité de empresa e ofrecen o seu apoio aos traballadores de NOA MADERA CREATIVA S.L., expresándose nos mesmos termos os voceiros do PSOE e Somos Fene e a voceira do Grupo Mixto. Toma a palabra o Alcalde de Fene, para sumarse a este apoio e ofrecer a súa axuda e intervención ante calquera necesidade e en representación do Concello.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1.- A totalidade dos grupos políticos do Concello de Fene dan o seu apoio os traballadores de NOA MADERA CREATIVA S.L.**
- 2.- Solicitan da empresa o mantemento dos postos de traballo en dita sociedade e a calidade do mesmo evitando o desvío de carga de traballo de NOA a outras sociedades do grupo MALASA.**

3.- Apoio a retirada do ERE Extintivo que a empresa MALASA ten intención de presentar.

4.- O mantemento das condicións actuais de emprego e aposta polo mantemento do centro de traballo de NOA MADERA CREATIVA no Polígono Industrial de Vilar de Colo no Concello de Fene.

11.4 Aprobación, se procede, da Moción conxunta sobre o Manifesto Institucional sobre o 25 de novembro

A alcaldía presenta a seguinte moción conxunta urxente que queda incorporada á orde do día, unha vez que é ratificada a urxencia pola unanimidade dos concelleiros presentes:

“Manifesto do Concello de Fene 25 de novembro 2018

O vintecinco de Novembro converteuse nun día de reflexión e sensibilización para expresar o rexeitamento máis profundo a todo tipo de violencia contra as mulleres.

A violencia de xenero debe ser considerada como un problema público e social de primeira magnitude.

A violencia en todas as súas manifestacions (trata de mulleres e nenas, o acoso sexual, a violación, o matrimonio forzoso, os crímenes cometidos no nome da “honra”, a mutilación xenital), exercense contra as mulleres polo mero feito de selo e constitúe un grave atentado contra a dignidade persoal, a integridade e os dereitos fundamentais de quen as sofren e tamén, dos seus fillos e fillas así como de menores ó seu cargo.

Representa un ataque do dereito a vida, a integridade física, a o libre desenvolvemento da personalidade, a liberdade, a seguridade, e a non discriminación tal y como xa proclama a Constitución e o Estatuto de Autonomía.

Todos os poderes públicos teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos.

Debemos implicar a toda a Sociedade, comezando xa dende os mais xóvenes, a través da educación na casa e na escola: que dende o berce vivan na igualdade de xénero.

Mentres siga existindo un só caso de violencia de xénero non viviremos nin gozaremos dunha sociedade que poida vivir en liberdade e en igualdade real entre mulleres e homes.

Estamos convencidos que a erradicación da violencia de xénero pasa por un proceso de maior concienciación social e de educación.

A conquista real da igualdade, do respecto a dignidade humana da liberdade das persoas, ten que ser un obxectivo prioritario das políticas públicas, polo que é fundamental levar a cabo, dende todas as Administracións, actuacións transversais que incidan na mellora da igualdade de oportunidades a todos os niveis.

Por todo o anterior o Concello de Fene **ACORDA**:

- 1.- Comprometerse a incrementar presupostos, e servizos para combater a violencia de xénero e ampliar os recursos humanos, técnicos e materiais.
- 2.- Promover programas de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, (como o proxecto Indira), traballando no fortalecemento e autoestima e na súa valía persoal potenciando a consecución do seu empoderamento como mulleres e como persoas.
- 3- Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organización feministas galegas
- 4.- Valorar dentro da contratación que realiza o Concello con empresas externas a inclusión de persoas en risco de exclusión social e violencia de xénero.

5.- Instar as Administracións públicas a:

- a) Definir a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da violencia de xénero.
- b) Facer unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero e promover acordos para a formación de profesionais dos medios de comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.
- c) Incidir en mecanismos de apoio de prevención e de apoio vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar unha denuncia.
- d) Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo de transmisión interxeracional da violencia.
- e) Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación especial de vulnerabilidade.
- f) Asimesmo instamos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a que incremente os presupostos, programas, actuacións e servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender as mulleres.
- g) Incluir nas avaliacións de risco a do agresor para millorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección de mulleres e menores.

GRUPO MUNICIPAL PP

GRUPO MUNICIPAL BNG

GRUPO MUNICIPAL PSOE

GRUPO MUNICIPAL SOMOS FENE

GRUPO MUNICIPAL EU"

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1.- Comprometerse a incrementar presupostos, e servizos para combater a violencia de xénero e ampliar os recursos humanos, técnicos e materiais.

2.- Promover programas de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, (como o proxecto Indira), traballando no fortalecemento e autoestima e na súa valía persoal potenciando a consecución do seu empoderamento como mulleres e como persoas.

3- Expresar o recoñecemento da Corporación ás históricas mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego ao longo de 2018 así como o apoio ás mobilizacións que impulsen as organización feministas galegas

4.- Valorar dentro da contratación que realiza o Concello con empresas externas a inclusión de persoas en risco de exclusión social e violencia de xénero.

5.- Instar as Administracións públicas a:

- a) **Definir a estratexia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da violencia de xénero.**
- b) **Facer unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero e promover acordos para a formación de profesionais dos medios de comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.**
- c) **Incidir en mecanismos de apoio de prevención e de apoio vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar unha denuncia.**

d) Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo de transmisión interxeracional da violencia.

e) Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación especial de vulnerabilidade.

f) Así mesmo instamos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a que incremente os presupostos, programas, actuacións e servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender as mulleres.

g) Incluír nas avaliacións de risco a do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección de mulleres e menores.

5. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de corrección de erros do cadro de persoal aprobado na sesión plenaria do 18.09.2018

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica do 22.10.2018 por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto):

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA
2018/G006/000066**

Polo Concello Pleno en sesión celebrada o 30 de xullo de 2018 aprobouse inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2018, así como a súa documentación complementaria.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública, e unha vez resoltas as alegacións presentadas durante o mesmo, o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 18 de setembro aproba definitivamente o orzamento e o cadro de persoal procedendo á súa publicación no BOP nº 181 de 21 de setembro.

Por parte dos servizos técnicos municipais compróbase a existencia dun erro de transcripción polo cal e ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (B.O.E. nº 236 de 2 de outubro de 2015), no que se recolle “2.- Las Administraciones Públicas, podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”, esta Alcaldía eleva ao Concello Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.-Rectificar os erros de feito advertidos no cadro de persoal aprobado o 18.09.2018, de xeito que

onde di:

A) Prazas de funcionarios de carreira

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretaria	1	A1	-
Interventora	1	A1	-
Tesoureira	1	A1	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico administración xeral	1	A1	-
SUBESCALA ADMINISTRATIVA E AUXILIAR			
Administrativo	6	C1	1
Auxiliar administrativo / Administrativo	4	C2/C1	0

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
Administrativo / Auxiliar administrativo	2	C1/C2	0
Auxiliar administrativo	1	C2	1
SUBESCALA SUBALTERNA			
Axente notificador	1	Agrupacións profesionais	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	-
Arquitecto técnico	2	A2	-
Auxiliar de arquivos e biblioteca	1	A2	-
Bibliotecaria	1	A2	1
Traballador Social	1	A2	-
Técnica de xestión tributaria e recadatoria	1	A2	-
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS			
Cabo-Xefe da policía local	1	C1	-
Garda, policía local	13	C1	2
Xestor de actividades de cultura, ensino, deportes e normalización lingüística	1	C1	-
Coordinador/actividades deportivas	1	C1	-
Administrador/a instalacións deportivas	1	C1	-
Conserxes vixilancia e conservación edificios	6	Agrupacións profesionais	1
Encargado/a	1	C2	-
Condutor	1	C2	1
Chofer palista	2	C2	-
Chofer	2	C2	1
Oficial electricista	1	C2	1
Oficial de obras	3	C2	2
Oficial albanel	1	C2	-
Oficial albanel-fontaneiro	1	C2	-
Oficial mecánico-soldador	1	C2	1
Oficial sepultureiro	2	C2	1
Oficial xardineiro/a	1	C2	-
Oficial soldador-caldereiro	1	C2	1
Peóns obras	3	Agrupacións profesionais	-
Peóns servizo limpeza	7	Agrupacións profesionais	1
Peóns recollida lixo	4	Agrupacións profesionais	1

B) Prazas de persoal laboral fixo

DENOMINACION	Número	Vacantes
Encargado/a redacción emisora municipal	1	-
Redactor/a emisora municipal	1	-
Técnico/a de son emisora municipal	1	-
Peón servizo limpeza escolas e edificios municipais (a tempo parcial/completo)	4	-
Oficial limpeza escolas e edificios municipais (a tempo completo)	1	-
Técnico/a medio de calidade	1	1
Asistente social	3	3
Administrativo/a (urbanismo)	1	1
Administrativo (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a(servizos sociais)	1	1
Auxiliar administrativo/a (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a (cultura e deportes)	1	1
Auxiliar administrativo (Secretaría)	1	1
Pedagoga (servizos sociais)	1	1
Psicóloga (servizos sociais)	1	1
Xestor talleres ocupacionais	1	1
Axente desenvolvemento local	1	1
Orientador laboral	1	1
Peón xardineiro/a	4	4
Auxiliar axuda no fogar (a tempo parcial/tempo completo)	6	6
Animador/a cultural	1	1
Arquivo	1	1
Responsable museo	1	1
Limpadora escolas (a tempo parcial/completo)	4	4

Debe dicir:

A) Prazas de funcionarios de carreira

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretaria	1	A1	-
Interventora	1	A1	1
Tesoureira	1	A1	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico administración xeral	1	A1	1
SUBESCALA ADMINISTRATIVA E AUXILIAR			
Administrativo	6	C1	1
Auxiliar administrativo / Administrativo	4	C2/C1	0
Auxiliar administrativo	3	C2	3
SUBESCALA SUBALTERNA			
Axente notificador	1	Agrupacións profesionais	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	-
Arquitecto técnico	2	A2	1
Auxiliar de arquivos e biblioteca	1	A2	-
Bibliotecaria	1	A2	1
Traballador Social	1	A2	-
Técnica de xestión tributaria e recadatoria	1	A2	-
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIALS			
Cabo-Xefe da policía local	1	C1	-
Garda, policía local	13	C1	2
Xestor de actividades de cultura, ensino, deportes e normalización lingüística	1	C1	-
Coordinador/actividades deportivas	1	C1	-
Administrador/a instalacións deportivas	1	C1	-
Conserxes vixilancia e conservación edificios	6	Agrupacións profesionais	1
Encargado/a	1	C2	-
Condutor	1	C2	1
Chofer palista	2	C2	-
Chofer	2	C2	1
Oficial electricista	1	C2	1
Oficial de obras	3	C2	2
Oficial albanel	1	C2	1
Oficial albanel-fontaneiro	1	C2	-
Oficial mecánico-soldador	1	C2	1
Oficial sepultureiro	2	C2	1
Oficial xardineiro/a	1	C2	-
Oficial soldador-caldereiro	1	C2	1
Peóns obras	3	Agrupacións profesionais	-
Peóns servizo limpeza	7	Agrupacións profesionais	1
Peóns recollida lixo	4	Agrupacións profesionais	1

B) Prazas de persoal laboral fixo

DENOMINACION	Número	Vacantes
Encargado/a redacción emisora municipal	1	-
Redactor/a emisora municipal	1	-
Técnico/a de son emisora municipal	1	-
Peón servizo limpeza escolas e edificios municipais (a tempo parcial/completo)	4	-
Oficial limpeza escolas e edificios municipais (a tempo completo)	1	-
Técnico/a medio de calidade	1	1
Asistente social	3	3
Administrativo/a (urbanismo)	1	1
Administrativo (servizo calidade)	1	1
Auxiliar administrativo/a (servizos sociais)	1	1
Auxiliar administrativo/a (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a (cultura e deportes)	1	1

Auxiliar administrativo (registro)	1	1
Pedagoga (servizos sociais)	1	1
Psicóloga (servizos sociais)	1	1
Xestor talleres ocupacionais	1	1
Axente desenvolvemento local	1	1
Orientador laboral	1	1
Peón xardineiro/a	4	4
Auxiliar axuda no fogar (a tempo parcial/tempo completo)	6	6
Animador/a cultural	1	1
Arquivo	1	1
Responsable museo	1	1
Limpadora escolas (a tempo parcial/completo)	4	4

SEGUNDO.-Publicar esta rectificación de erros no BOP da Coruña.”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 12 votos a favor (7 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Somos Fene, e 3 do grupo socialista), con 5 abstencións (4 do grupo do BNG e 1 do grupo Mixto municipal).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.-Rectificar os erros de feito advertidos no cadro de persoal aprobado o 18.09.2018, de xeito que

onde di:

A) Prazas de funcionarios de carreira

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretaría	1	A1	-
Interventora	1	A1	-
Tesoureira	1	A1	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico administración xeral	1	A1	-
SUBESCALA ADMINISTRATIVA E AUXILIAR			
Administrativo	6	C1	1
Auxiliar administrativo / Administrativo	4	C2/C1	0
Administrativo / Auxiliar administrativo	2	C1/C2	0
Auxiliar administrativo	1	C2	1
SUBESCALA SUBALTERNA			
Axente notificador	1	Agrupacións profesionais	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	-
Arquitecto técnico	2	A2	-
Auxiliar de arquivos e biblioteca	1	A2	-
Bibliotecaria	1	A2	1
Traballador Social	1	A2	-
Técnica de xestión tributaria e recadatoria	1	A2	-
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS			
Cabo-Xefe da policía local	1	C1	-
Garda, policía local	13	C1	2
Xestor de actividades de cultura, ensino, deportes e normalización lingüística	1	C1	-
Coordinador/actividades deportivas	1	C1	-
Administrador/a instalacións deportivas	1	C1	-
Conserxes vixilancia e conservación edificios	6	Agrupacións profesionais	1
Encargado/a	1	C2	-
Condutor	1	C2	1
Chofer palista	2	C2	-
Chofer	2	C2	1

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
Oficial electricista	1	C2	1
Oficial de obras	3	C2	2
Oficial albanel	1	C2	-
Oficial albanel-fontaneiro	1	C2	-
Oficial mecánico-soldador	1	C2	1
Oficial sepultureiro	2	C2	1
Oficial xardineiro/a	1	C2	-
Oficial soldador-caldereiro	1	C2	1
Peóns obras	3	Agrupacións profesionais	-
Peóns servizo limpeza	7	Agrupacións profesionais	1
Peóns recollida lixo	4	Agrupacións profesionais	1

B) Prazas de persoal laboral fixo

DENOMINACION	Número	Vacantes
Encargado/a redacción emisora municipal	1	-
Redactor/a emisora municipal	1	-
Técnico/a de son emisora municipal	1	-
Peón servizo limpeza escolas e edificios municipais (a tempo parcial/completo)	4	-
Oficial limpeza escolas e edificios municipais (a tempo completo)	1	-
Técnico/a medio de calidade	1	1
Asistente social	3	3
Administrativo/a (urbanismo)	1	1
Administrativo (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a (servizos sociais)	1	1
Auxiliar administrativo/a (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a (cultura e deportes)	1	1
Auxiliar administrativo (Secretaría)	1	1
Pedagoga (servizos sociais)	1	1
Psicóloga (servizos sociais)	1	1
Xestor talleres ocupacionais	1	1
Axente desenvolvemento local	1	1
Orientador laboral	1	1
Peón xardineiro/a	4	4
Auxiliar axuda no fogar (a tempo parcial/tempo completo)	6	6
Animador/a cultural	1	1
Arquivo	1	1
Responsable museo	1	1
Limpadora escolas (a tempo parcial/completo)	4	4

Debe dicir:

A) Prazas de funcionarios de carreira

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretaría	1	A1	-
Interventora	1	A1	1
Tesoureira	1	A1	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Técnico administración xeral	1	A1	1
SUBESCALA ADMINISTRATIVA E AUXILIAR			
Administrativo	6	C1	1
Auxiliar administrativo / Administrativo	4	C2/C1	0
Auxiliar administrativo	3	C2	3
SUBESCALA SUBALTERNA			
Axente notificador	1	Agrupacións profesionais	-
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
SUBESCALA TÉCNICA			
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	-
Arquitecto técnico	2	A2	1
Auxiliar de arquivos e biblioteca	1	A2	-
Bibliotecaria	1	A2	1
Traballador Social	1	A2	-

DENOMINACION	Número	Subgrupo	Vacantes
Técnica de xestión tributaria e recadatoria	1	A2	-
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS			
Cabo-Xefe da policía local	1	C1	-
Garda, policía local	13	C1	2
Xestor de actividades de cultura, ensino, deportes e normalización lingüística	1	C1	-
Coordinador/actividades deportivas	1	C1	-
Administrador/a instalacións deportivas	1	C1	-
Conserxes vixilancia e conservación edificios	6	Agrupacións profesionais	1
Encargado/a	1	C2	-
Condutor	1	C2	1
Chofer palista	2	C2	-
Chofer	2	C2	1
Oficial electricista	1	C2	1
Oficial de obras	3	C2	2
Oficial albanel	1	C2	1
Oficial albanel-fontaneiro	1	C2	-
Oficial mecánico-soldador	1	C2	1
Oficial sepultureiro	2	C2	1
Oficial xardineiro/a	1	C2	-
Oficial soldador-caldereiro	1	C2	1
Peóns obras	3	Agrupacións profesionais	-
Peóns servizo limpeza	7	Agrupacións profesionais	1
Peóns recollida lixo	4	Agrupacións profesionais	1

B) Prazas de persoal laboral fixo

DENOMINACION	Número	Vacantes
Encargado/a redacción emisora municipal	1	-
Redactor/a emisora municipal	1	-
Técnico/a de son emisora municipal	1	-
Peón servizo limpeza escolas e edificios municipais (a tempo parcial/completo)	4	-
Oficial limpeza escolas e edificios municipais (a tempo completo)	1	-
Técnico/a medio de calidade	1	1
Asistente social	3	3
Administrativo/a (urbanismo)	1	1
Administrativo (servizo calidade)	1	1
Auxiliar administrativo/a (servizos sociais)	1	1
Auxiliar administrativo/a (Secretaría)	1	1
Auxiliar administrativo/a (cultura e deportes)	1	1
Auxiliar administrativo (registro)	1	1
Pedagoga (servizos sociais)	1	1
Psicóloga (servizos sociais)	1	1
Xestor talleres ocupacionais	1	1
Axente desenvolvemento local	1	1
Orientador laboral	1	1
Peón xardineiro/a	4	4
Auxiliar axuda no fogar (a tempo parcial/tempo completo)	6	6
Animador/a cultural	1	1
Arquivo	1	1
Responsable museo	1	1
Limpadora escolas (a tempo parcial/completo)	4	4

SEGUNDO.-Publicar esta rectificación de erros no BOP da Coruña.

6. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de modificación de créditos 17/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de crédito e créditos extraordinarios, e declaración de inversións financeiramente sostible

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Económica do 22.10.2018 por 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de modificación de créditos 17/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos e créditos extraordinarios, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia achegadanao expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Considerando os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 17/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos e créditos extraordinarios, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de **134.914,23** euros co seguinte detalle:

1.- Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Mantemento de fachada no CPI A Xunqueira	37.981,65	37.981,65	323/63201
Acondicionamento viais	38.917,10	38.917,10	453/61900
Vestuarios no Campo de Fútbol dos Pinares	39.986,02	39.986,02	342/63201

2.- Aplicacións orzamentarias afectadas polo crédito extraordinario:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Punto de Encontro na Galiña Azul	18.029,46	18.029,46	231/63201

Medios de financiación do gasto

Proponse que a financiación se realice con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 134.914,23 euros:

Aplicación: económica	Descripción	Euros
870.00	Remanente Líquido de Tesorería	134.914,23 €
	TOTAL INGRESOS	134.914,23 €

Segundo. – Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do suerávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES os incluídos neste expediente así como os recollidos no EMC 14-2018, subexpediente 03-2018 de SC:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Reforma firme na Rúa Porto do Río	30.000,00	30.000,00	1532/61900
Cubrición pista deportiva	373.450,14	373.450,14	342/63200

Mantemento de fachada no CPI A Xunqueira	37.981,65	37.981,65	323/63201
Acondicionamento viais	38.917,10	38.917,10	453/61900
Vestiaros no Campo de Fútbol dos Pinares	39.986,02	39.986,02	342/63201
Punto de Encontro na Galiña Azul	18.029,46	18.029,46	231/63201

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo."

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey afirma que na comisión solicitaron copia dos proxectos, que aindan non teñen.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai referencia ao proxecto de reforma da fachada do CEIP A XUNQUEIRA, facendo alusión a que o proxecto foi realizado por técnicos moi competentes e que non se debería poñer en dúbida a súa profesionalidade, estando a favor da súa realización. En relación aos acondicionamentos de viais tamén están de acordo, afirmando que xa veñen con retraso debido ao deterioro que xa presenta algún vial. Manifesta estar de acordo cos proxectos de Vestiaros no Campo dos Pinares e Punto de Encontro na Galiña Azul e coa súa urxencia. Indica que os proxectos chegan con dous anos de retraso debido a falta de execución dos plans da Deputación.

A voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, indica que ela non criticou aos redactores do proxecto da fachada do CEIP A XUNQUEIRA, senón que había uns informes técnicos que requirían emendas e unha ampliación e ao non poder contactar cos redactores orixinais, requeriuse a outro redactor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 17/2018, subexpediente 1/2018 de suplemento de créditos e créditos extraordinarios, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 134.914,23 euros co seguinte detalle:

1.- Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
Mantemento de fachada no CPI A Xunqueira	37.981,65	37.981,65	323/63201
Acondicionamento viais	38.917,10	38.917,10	453/61900
Vestiaros no Campo de Fútbol dos Pinares	39.986,02	39.986,02	342/63201

2.- Aplicacións orzamentarias afectadas polo crédito extraordinario:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE	IMPORTE	APLICACIÓNS
----------------------	---------	---------	-------------

	TOTAL	FINANCIADO CON REMANENTE	ORZAMENTARIAS
Punto de Encontro na Galiña Azul	18.029,46	18.029,46	231/63201

Medios de financiación do gasto

Proponse que a financiación se realice con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 134.914,23 euros:

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870.00	Remanente Líquido de Tesorería	134.914,23 €
	TOTAL INGRESOS	134.914,23 €

Segundo. – Ao abeiro do disposto no Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes, DECLARAR INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES os incluídos neste expediente así como os recollidos no EMC 14-2018, subexpediente 03-2018 de SC:

DENOMINACIÓN DA OBRA	IMPORTE TOTAL	IMPORTE FINANCIADO CON REMANENTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS
Reforma firme na Rúa Porto do Río	30.000,00	30.000,00	1532/61900
Cubrición pista deportiva	373.450,14	373.450,14	342/63200
Mantemento de fachada no CPI A Xunqueira	37.981,65	37.981,65	323/63201
Acondicionamento viais	38.917,10	38.917,10	453/61900
Vestiarios no Campo de Fútbol dos Pinares	39.986,02	39.986,02	342/63201
Punto de Encontro na Galiña Azul	18.029,46	18.029,46	231/63201

Terceiro. - De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

Cuarto. - O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ao interesado dentro de dito prazo.

7. Aprobación, se procede, da Proposta de modificación dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 23.10.2018 por maioría absoluta, por 5 votos a favor (3 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 2 abstencións do grupo municipal do BNG:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Proposta de modificación dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés
EXPTE.: 2017/X999/000403

En sesión plenaria do 01.06.2017 acordouse a integración do Concello de Fene como socio fundador na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, aprobando os seus estatutos e designando como representante nesta ao concelleiro Gumersindo Pedro Galego Feal e como representante técnica á traballadora Belén Souto Calvete.

Posteriormente, mediante acordo plenario do 07.12.2017 acordouse a modificación dos artigos 19 e 22 dos estatutos.

O Concello de Fene recibiu comunicación da necesidade de modificar novamente os estatutos da asociación aos efectos de emendar determinadas deficiencias postas de manifesto na tramitación da inscrición desta asociación no Rexistro correspondente da Xunta de Galicia.

Proponse a modificación dos artigos 2, 14, 23 e 24 e ss seguindo as instrucións do persoal técnico do Rexistro de asociacións da Xunta de Galicia, relativos á sede da entidade, ao exercicio da secretaría, ao patrimonio da asociación, facendo unha reconfiguración de artigos a partir do 25 sen modificación de contido.

Consta dilixencia favorable de secretaría do 18.10.2018.

En base ao que antecede, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar a modificación dos estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Inglés conforme a redacción destes que se incorpora como anexo.

O resto do acordo adoptado en sesión plenaria do 01.06.2017 mantense nos seus termos.

Asinado dixitalmente polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

Anexo

ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS"

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo Sigüeiro 15888 provincia da Coruña e teléfono 981/691/478.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

- 1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
- 2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:
 - a. Terá un carácter non lucrativo.
 - b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
 - c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
 - e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
 - g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.
3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:
 - a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.
 - b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
 - c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
 - d. Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
 - e. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
 - f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
 - g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
 - h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
 - i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.

- j. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
 - k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
 - l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.
2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
 - b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
 - c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
 - d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
 - e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
 - f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
 - g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
 - h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación

- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

- 1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- 2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
- 3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
- 4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V **RÉXIME ECONÓMICO**

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

1. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 - Ata 5.000 habitantes
 - De 5.001 a 10.000 habitantes
 - De 10.001 a 30.000 habitantes
 - De 30.001 a 50.000 habitantes
 - De 50.001 a 100.000 habitantes
 - Máis de 100.000 habitantes

1. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

2. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

3. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 - b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme

1. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira-. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación."

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar a proposta transcrita nos seus termos.

8. Aprobación, se procede, da Moción para instar á Xunta de Galicia á sinatura dun convenio para a implantación de semente produtiva na ría de Ferrol e ao Ministerio de Fomento e demais organismos responsables para a substitución das escolleras da ponte das Pías por pilares

Consta no expediente a seguinte Moción, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 23.10.2018 por maioría simple, por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

"MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á SINATURA DUN CONVENIO PARA A IMPLANTACIÓN DE SEMENTE PRODUTIVA NA RÍA DE FERROL E AO MINISTERIO DE FOMENTO E DEMAIS ORGANISMOS RESPONSABLES PARA A SUSTITUCIÓN DAS ECOLLERAS DA PONTE DAS PÍAS POR PILARES.

As Cofrarías de Barallobre e Ferrol presentan a seguinte proposta de moción para todos os partidos políticos ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno Ordinario e para o seu debate no mesmo, baseada nos seguintes feitos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía sostible medioambientalmente, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente quíntas familias vivindo directamente do marisqueo na Ría de Ferrol, entre as que traballan na Confraría de Ferrol e a de Barallobre. Este colectivo leva solicitando por unha ría sustentable ao longo de moitos anos e seguen a facer propostas e suxestións que amplíen a capacidade económica da mesma sempre dunha forma sostible.

Dende fai moito tempo os lodos que se acumulan na Ría de Ferrol, sinaladamente a causa do peche dos condutos de auga na Ponte das Pías, foi pechando os fondos e polo tanto reducindo a capacidade de marisqueo na zona. Ante esta situación as confrarías de Ferrol e Barallobre platexaron ante a Mancomunidade de Municipios e outras administración a necesidade de facer diferentes xestións cara a viabilidade de apertura das escolleras da Ponte das Pías e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a Ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros na mesma. En efecto a devandita suxestión foi acollida polos concellos da Mancomunidade así como pola deputación Provincial de A Coruña onde o Presidente comprometeuse a asinar un Convenio ca Xunta de Galicia ao 50% sempre que a administración competente (Xunta a través da Consellería do Mar) puxera alo menos unha cantidade igual á da Deputación, órgano sen competencias específicas na materia pero disposta a achegar o seu esforzo conscientes da importancia do marisqueo como sector produtivo

Solicitase por tanto,

-Instar a Xunta de Galicia á firma do Convenio ca Deputación para a sementaría de ameixa pola cantidade que lle corresponde a cada un, dun total de 140.000 euros.

- A supresión das escolleras da Ponte das Pías por Pilares para a normal circulación de augas implicando ao Ministerio de Fomento, Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, Xunta de Galicia e outros organismos competentes.

- Dar traslado desta moción á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento, a Deputación de A Coruña e á Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao."

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, propón a seguinte emenda, que é aceptada polo alcalde, derivada da existencia de depósitos de lodos con materiais pesados, co obxecto de evitar as problemáticas que puideran provocar:

- Redactar o segundo punto da solicitude do seguinte xeito: "A supresión das escolleras da Ponte das Pías por Pilares para a normal circulación de augas, impulsando, previamente, un amplo estudo técnico e medioambiental que determine as características e pertinencia de cada unha das actuacións que configuren esta intervención, co obxecto de preservar e mellorar a calidade das augas, na Ría de Ferrol, implicando ao Ministerio de Fomento, Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, Xunta de Galicia e outros organismos competentes."

O Concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá propón que, unha vez que a Confraría plantexa eliminar escolleras, tamén se podería eliminar a a da vía do tren.

Sometido o asunto emendado a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

-Instar a Xunta de Galicia á firma do Convenio ca Deputación para a sementaría de ameixa pola cantidade que lle corresponde a cada un, dun total de 140.000 euros.

- A supresión das escolleras da Ponte das Pías por Pilares para a normal circulación de augas, impulsando, previamente, un amplo estudo técnico e medioambiental que determine as características e pertinencia de cada unha das actuacións que configuren esta intervención, co obxecto de preservar e mellorar a calidade das augas, na Ría de

Ferrol, implicando ao Ministerio de Fomento, Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, Xunta de Galicia e outros organismos competentes.

- Dar traslado desta moción á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento, a Deputación de A Coruña e á Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao.

9. Aprobación, se procede, da Proposta de aprobación inicial do Convenio de cesión gratuíta dos locais 1 e 1A sitos en O Castro propiedade do Concello de Fene inventariados no epígrafe 1º Bens Inmóbles, Grupo 1, asentos 38 e 48 a prol de Aspaneps

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia do 24.10.2018 por unanimidade dos concelleiros presentes:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convenio de cesión gratuíta dos locais 1 e 1A sitos en O Castro propiedade do Concello de Fene inventariados no Epígrafe 1º Bens Inmóbles, Grupo 1, asentos 38 e 48 a prol de Aspaneps.

EXPTE.: 2018/X999/000794

O Concello de Fene acordou no ano 1997 unha cesión de uso de parte do local 1 da súa propiedade sito en O Castro á Asociación ASPANEPS con destino a un centro ocupacional.

Ese local foi segregado nos locais 1A e 1, permutándose o local 1A con outro propiedade do IGVS no ano 2006. Posteriormente, no ano 2017, os locais permutados no 2006 foron novamente permutados entre o IGVS de feito que o Concello de Fene conta na actualidade novamente coa propiedade dos locais 1 e 1A sitos en O Castro, 5.

Dende que expirou o convenio de cesión de uso do ano 1997, ASPANEPS continuou en precario realizando a actividade de centro ocupacional.

Neste ano 2018 ten a posibilidade, con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia, de mellorar o seu centro ocupacional, aumentando o número de prazas públicas concertadas, polo que solicitou unha cesión de uso gratuíta dos locais 1 e 1A.

Esta cesión para poder optar á liña de axuda coa que acondicionar os locais debe ser por un prazo de 20 anos (*ORDE do 12 de setembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, xestionado por esta consellería*).

Os bens para os que se solicita a cesión son bens inventariados como patrimoniais nos asentos 38 e 48 do inventario municipal e non se prevé por parte desta Corporación o seu uso nos vindeiros 10 anos.

ASPANEPS é unha asociación sen ánimo de lucro segundo os seus estatutos e foi declarada de utilidade pública por Orde do 6 de marzo de 1997.

Consta no expediente incorporada a documentación esixida polo artigo 110 do Regulamento de bens das Entidades Locais e informe favorable de secretaria 111/2018 condicionado.

Á vista do disposto nos artigos 109 RBEL, 276 LALGA, 145 e ss da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o convenio de cesión de uso por 20 anos a prol da Asociación ASPANEPS dos locais 1 e 1A sitos en O Castro propiedade do Concello de Fene inventariados no Epígrafe 1º Bens Inmóbles, Grupo 1, asentos 38 e 48 que se transcribe como Anexo I.

SEGUNDO.- Someter a información pública o dito acordo por un prazo de quince días hábiles, devindo o acordo plenario en definitivo en caso de non se presentar reclamación ningunha.

TERCEIRO.- Habilitar ao alcalde para a súa sinatura e adopción de acordos precisos para a efectividade do citado convenio.

Asinado dixitalmente polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal."

"Anexo I

CONVENIO DE CESIÓN DE USO DOS LOCAIS 1 E 1A SITOS EN O CASTRO ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS (ASPANEPS)

Fene, a ... de.... de 2018

INTERVEÑEN

Dunha parte, Gumersindo Pedro Galego Feal, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Fene (provincia da Coruña), con C.I.F. P-1503600G (no sucesivo CONCELLO), intervindo por tanto en nome e representación deste.

Doutra parte, Juan Luis Dapena Cagiao, Vicepresidente da Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (no sucesivo ASPANEPS), con CIF G-15036064 e sede social en Rúa Alegre, 6, baixo, 15401, Ferrol, con poderes suficientes para a celebración deste acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica para a formalización do presente convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo.

Intervén, secretaria/o do Concello de Fene, en virtude do disposto no artigo 3.2 i) do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, para actuar como federataria/o deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-O Concello de Fene é propietario dos locais 1 e 1A sitos en O Castro, 5 e que se atopan inventariados como patrimoniais no Epígrafe 1º Bens Inmобles, Grupo 1 nos asentos 38 e 48 do seguinte xeito:

- Asento 38:

NOME DO BEN: Local núm. 1 en "O Castro"

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 905 de cesión gratuíta de 08.11.1994

SUPERF. CONST.: 83,03 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 83,03 m2

VALOR: 40.513,65 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRIPCIÓN:

O local contaba inicialmente con 317,22 m2. Mediante escritura núm. 110 do 30.01.2002 procedeuse á segregación deste local en 2: o local 1-A con 234,19 m2 e o local 1 con 83,03 m2.

O local 1A foi permutado polo local núm. 3 de 234,19 m2 propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo na mesma escritura núm. 110 do 30.01.2002.

Posteriormente en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 o local 3 foi permutado co Instituto Galego da Vivenda e Solo polo local 1A.

- Asento 48:

NOME DO BEN: Local núm. 1A en "O Castro"

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: 02/08/2018

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 681 do 04.10.2017 de permuta

PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL: 7139302NJ6174S0032PK

REXISTRO DA PROPIEDAD DE PONTEDEUME: Tomo 1177 Libro 235 Folio 218 Finca 17089 Inscripción 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa da Igrexa e portal núm. 1

TRASEIRO/SUR: portal núm. 1 e resto da finca matriz

DEREITO/LESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

ESQUERDO/OESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

SUPERF. CONST.: 234,19 m²

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m²

VALOR: 49.423,46 € *(valor de mercado informe do IGVS do 25.11.2016)

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local foi adquirido mediante permuta co local 3 ao IGVS formalizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

SEGUNDO.-A asociación ASPANEPS vén usando parte destes locais como centro ocupacional dende o ano 1997 froito dun acordo plenario do 16.09.1997 de cesión gratuíta por 10 anos.

TERCEIRO.-O pasado 2 de outubro de 2018 ASPANEPS solicitou a cesión gratuíta dos locais 1 e 1A sites en O Castro coa finalidade de aumentar o número de prazas públicas concertadas coa Dirección Xeral de Persoas Maiores e Discapacidade coa que mantén un contrato de prestación de servizos.

CUARTO.-O labor ocupacional levado a cabo nos últimos anos por ASPANEPS ten un grande valor tanto a nivel municipal como comarcal en canto á prestación dun servizo social que atende a persoas con importantes necesidades, sendo interese do Concello de Fene colaborar en que esta prestación poida ampliarse, polo que ambas partes acordan asinar este convenio baixo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-O Concello de Fene cede a ASPANEPS o uso gratuíta por 20 anos dos locais 1 e 1A sites en O Castro e inventariados nos asentos 38 e 48 do Epígrafe 1º Bens Inmóbles, Grupo 1 do inventario municipal con destino a centro ocupacional baixo as seguintes condicións:

1.1.-Os bens non poderán destinarse a outro uso máis que o permitido

1.2.-Serán por conta de ASPANEPS calquera obra de acondicionamento dos locais, debendo obter con carácter previo a execución de obras ou realización de actividades os títulos habilitantes que sexan precisos tanto a nivel municipal como sectorial, sendo pola súa conta o pago de todas as exaccións municipais ou doutra Administración que se deriven dos ditos actos.

1.3.-Os gastos ordinarios que sexan precisos para o uso e conservación do local serán pola conta de ASPANEPS e, entre eles, os de limpeza, subministros, teléfono e gastos comunitarios (incluídas as derramas).

No caso de que se deduza calquera imposto que grave a propiedade (IBI, etc), o Concello poderá repercutilo en ASPANEPS.

1.4.-As acometidas e altas en subministracións que sexan precisas serán pola conta de ASPANEPS, debendo constar como titular dos correspondentes contratos.

SEGUNDA.-A duración desta cesión comezará a computarse dende a data de sinatura deste convenio.

TERCEIRA.- Se os bens cedidos non foran destinados ao uso establecido dentro do prazo sinalado considerarase resolta a cesión e reverterán á Corporación, a cal terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

CUARTA.-A cesión de uso poderá ser revocada previa resolución con audiencia nos seguintes supostos:

4.1.- A realización nos locais dun uso distinto do autorizado.

4.2.- A realización de obras ou actividades sen o correspondente título habilitante municipal ou sectorial ou sen abonar as exaccións derivadas destes.

4.3.-No caso de ter calquera débeda pendente de pagamento co Concello de Fene por non ter sido ingresadas nos prazos voluntarios de pagamento.

4.4.-Obstrucción e falta de colaboración nas inspeccións e comprobacións que o Concello queira realizar dos actos construtivos e de uso dos locais.

Entenderase que, en todo caso, se cumprirá este suposto no caso de non atender en prazo ou de forma manifestamente indebida os requirimentos feitos polo concello.

4.5.-Calquera outra prevista na normativa patrimonial aplicable ás Entidades Locais.

4.6.-Excepcionalmente, por razóns de interese público debidamente motivadas

CUARTA.- Finalizada a duración do convenio ou acordada a revocación do uso, ASPANEPS deberá entregar os locais ao Concello dentro do mes seguinte en debidas condicións de uso, baleiro de enseres (agás previo acordo en contrario das partes), sendo responsable de indemnizar ao Concello de calquera dano ou desperfecto que sexa contrario a esta obriga.

O prazo de entrega elevarase a seis meses no caso de que se revocara o uso por razóns xustificadas de interese público.

ASPANEPS non terá dereito a percibir indemnización ningunha polas inversións en obras e gastos de acondicionamento practicados nos locais. Os bens reverterán, no seu caso, ao Patrimonio municipal con todas as súas pertenzas e accesións.

QUINTA.- O Concello poderá inspeccionar os locais en calquera momento aos efectos de comprobar o cumprimento deste convenio e o correcto uso e destino dos locais.

SEXTA.-Correrán a cargo de ASPANEPS todos os gastos xerados ao Concello, tanto xudiciais como doutro tipo, derivados do incumprimento deste convenio.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan este convenio no lugar e data indicados.

O alcalde

O vicepresidente de ASPANEPS

Gumersindo Pedro Galego Feal

Juan Luis Dapena Cagliao

A/o secretaria/o

.....”

O concelleiro do PSOE Joaquín Julián Ayala Garrido toma a palabra para dicir que están de acordo co asunto e explica que é necesario porque esta Asociación desenvolve unha tarefa encomiable e precisa ampliarse para admitir máis nenos.

Tamén indica que se debería ter feito antes, xa que dende o 2016 están iniciadas as conversas coa asociación e agarda que se estea a tempo para que poidan solicitar unhas axudas que rematan nuns días.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o convenio de cesión de uso por 20 anos a prol da Asociación ASPANEPS dos locais 1 e 1A sitos en O Castro propiedade do Concello de Fene inventariados no Epígrafe 1º Bens Inmобles, Grupo 1, asentos 38 e 48 que se transcribe como Anexo I.

SEGUNDO.- Someter a información pública o dito acordo por un prazo de quince días hábiles, devindo o acordo plenario en definitivo en caso de non se presentar reclamación ningunha.

TERCEIRO.- Habilitar ao alcalde para a súa sinatura e adopción de acordos precisos para a efectividade do citado convenio.

Anexo I

CONVENIO DE CESIÓN DE USO DOS LOCAIS 1 E 1A SITOS EN O CASTRO ENTRE O CONCELLO DE FENE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS (ASPANEPS)

Fene, a ... de.... de 2018

INTERVEÑEN

Dunha parte, Gumersindo Pedro Galego Feal, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Fene (provincia da Coruña), con C.I.F. P-1503600G (no sucesivo CONCELLO), intervindo por tanto en nome e representación deste.

Doutra parte, Juan Luis Dapena Cagiao, Vicepresidente da Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (no sucesivo ASPANEPS), con CIF G-15036064 e sede social en Rúa Alegre, 6, baixo, 15401, Ferrol, con poderes suficientes para a celebración deste acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica para a formalización do presente convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo.

Intervén, secretaria/o do Concello de Fene, en virtude do disposto no artigo 3.2 i) do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, para actuar como federataria/o deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-O Concello de Fene é propietario dos locais 1 e 1A sitos en O Castro, 5 e que se atopan inventariados como patrimoniais no Epígrafe 1º Bens Inmобles, Grupo 1 nos asentos 38 e 48 do seguinte xeito:

● **Asento 38:**

NOME DO BEN: Local núm. 1 en "O Castro"

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 905 de cesión gratuíta de 08.11.1994

SUPERF. CONST.: 83,03 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 83,03 m2

VALOR: 40.513,65 €

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local contaba inicialmente con 317,22 m2. Mediante escritura núm. 110 do 30.01.2002 procedeuse á segregación deste local en 2: o local 1-A con 234,19 m2 e o local 1 con 83,03 m2.

O local 1A foi permutado polo local núm. 3 de 234,19 m2 propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo na mesma escritura núm. 110 do 30.01.2002.

Posteriormente en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 o local 3 foi permutado co Instituto Galego da Vivenda e Solo polo local 1A.

• Asento 48:

NOME DO BEN: Local núm. 1A en "O Castro"

ENDEREZO: rúa do Castro, 9

DATA DA ALTA: 02/08/2018

NATUREZA: URBANA

NATUREZA DO DOMINIO: patrimonial

ADQUISICIÓN, TÍTULO: escritura núm. 681 do 04.10.2017 de permuta

PLANOS DO INVENTARIO Nº: 24

REFERENCIA CATASTRAL: 7139302NJ6174S0032PK

REXISTRO DA PROPIEDADE DE PONTEDEUME: Tomo 1177 Libro 235 Folio 218 Finca 17089 Inscrición 2ª

LINDES:

DIANTEIRO/NORTE: rúa da Igrexa e portal núm. 1

TRASEIRO/SUR: portal núm. 1 e resto da finca matriz

DEREITO/LESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

ESQUERDO/OESTE: portal núm. 1 e resto da finca matriz

SUPERF. CONST.: 234,19 m2

SUPERF. PARCELA/VIAL: 234,19 m2

VALOR: 49.423,46 € *(valor de mercado informe do IGVS do 25.11.2016)

HISTORIA/CARACTERÍSTICAS/DESCRICIÓN:

O local foi adquirido mediante permuta co local 3 ao IGVS formalizada en escritura pública núm. 681 do 04.10.2017 outorgada ante o notario de Fene Luis Bosch Segura.

SEGUNDO.-A asociación ASPANEPS vén usando parte destes locais como centro ocupacional dende o ano 1997 froito dun acordo plenario do 16.09.1997 de cesión gratuíta por 10 anos.

TERCEIRO.-O pasado 2 de outubro de 2018 ASPANEPS solicitou a cesión gratuíta dos locais 1 e 1A sitos en O Castro coa finalidade de aumentar o número de prazas públicas concertadas coa Dirección Xeral de Persoas Maiores e Discapacidade coa que mantén un contrato de prestación de servizos.

CUARTO.-O labor ocupacional levado a cabo nos últimos anos por ASPANEPS ten un grande valor tanto a nivel municipal como comarcal en canto á prestación dun servizo social que atende a persoas con importantes necesidades, sendo interese do Concello de Fene colaborar en que esta prestación poida ampliarse, polo que ambas partes acordan asinar este convenio baixo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-O Concello de Fene cede a ASPANEPS o uso gratuíta por 20 anos dos locais 1 e 1A sitos en O Castro e inventariados nos asentos 38 e 48 do Epígrafe 1º Bens Inmobles, Grupo 1 do inventario municipal con destino a centro ocupacional baixo as seguintes condicións:

1.1.-Os bens non poderán destinarse a outro uso máis que o permitido

1.2.-Serán por conta de ASPANEPS calquera obra de acondicionamento dos locais, debendo obter con carácter previo a execución de obras ou realización de actividades os títulos habilitantes que sexan precisos tanto a nivel municipal como sectorial, sendo pola súa conta o pago de todas as exaccións municipais ou doutra Administración que se deriven dos ditos actos.

1.3.-Os gastos ordinarios que sexan precisos para o uso e conservación do local serán pola conta de ASPANEPS e, entre eles, os de limpeza, subministros, teléfono e gastos comunitarios (incluídas as derramas).

No caso de que se deduza calquera imposto que grave a propiedade (IBI, etc), o Concello poderá repercutilo en ASPANEPS.

1.4.-As acometidas e altas en subministracións que sexan precisas serán pola conta de ASPANEPS, debendo constar como titular dos correspondentes contratos.

SEGUNDA.-A duración desta cesión comezará a computarse dende a data de sinatura deste convenio.

TERCEIRA.- Se os bens cedidos non foran destinados ao uso establecido dentro do prazo sinalado considerarase resolta a cesión e reverterán á Corporación, a cal terá dereito a percibir da entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

CUARTA.-A cesión de uso poderá ser revocada previa resolución con audiencia nos seguintes supostos:

4.1.- A realización nos locais dun uso distinto do autorizado.

4.2.- A realización de obras ou actividades sen o correspondente título habilitante municipal ou sectorial ou sen abonar as exaccións derivadas destes.

4.3.-No caso de ter calquera débeda pendente de pagamento co Concello de Fene por non ter sido ingresadas nos prazos voluntarios de pagamento.

4.4.-Obstrución e falta de colaboración nas inspeccións e comprobacións que o Concello queira realizar dos actos construtivos e de uso dos locais.

Entenderase que, en todo caso, se cumprirá este suposto no caso de non atender en prazo ou de forma manifestamente indebida os requirimentos feitos polo concello.

4.5.-Calquera outra prevista na normativa patrimonial aplicable ás Entidades Locais.

4.6.-Excepcionalmente, por razóns de interese público debidamente motivadas

CUARTA.- Finalizada a duración do convenio ou acordada a revocación do uso, ASPANEPS deberá entregar os locais ao Concello dentro do mes seguinte en debidas condicións de uso, baleiro de enseres (agás previo acordo en contrario das partes), sendo responsable de indemnizar ao Concello de calquera dano ou desperfecto que sexa contrario a esta obriga.

O prazo de entrega elevarase a seis meses no caso de que se revocara o uso por razóns xustificadas de interese público.

ASPANEPS non terá dereito a percibir indemnización ningunha polas inversións en obras e gastos de acondicionamento practicados nos locais. Os bens reverterán, no seu caso, ao Patrimonio municipal con todas as súas pertenzas e accesións.

QUINTA.- O Concello poderá inspeccionar os locais en calquera momento aos efectos de comprobar o cumprimento deste convenio e o correcto uso e destino dos locais.

SEXTA.-Correrán a cargo de ASPANEPS todos os gastos xerados ao Concello, tanto xudiciais como doutro tipo, derivados do incumprimento deste convenio.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes asinan este convenio no lugar e data indicados.

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal

O vicepresidente de ASPANEPS

Juan Luis Dapena Cagiao

A/o secretaria/o

.....

10. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Moción do grupo municipal do BNG en apoio ás persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás

Por unanimidade acórdase ratificar a inclusión na orde do día da seguinte moción:

“MOCIÓN EN APOIO ÁS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS

O grupo municipal do BNG de Fene, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego. Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que, avalada por informes histórico e xurídico respectivamente, poñen negro sobre branco a respecto de como esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco. Isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.

Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e

poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir -que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é '*igual para todos*' -como sempre predicán-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de FENE acorda:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña."

En relación coa urxencia da moción, o voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, indica que este asunto se presentou por Rexistro antes da convocatoria da comisión.

O voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, pide explicacións de por que non foi á comisión este asunto, o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo A voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, indica que na solicitude presentada polo BNG pedíase que o asunto fora ao Pleno e, tal e como dixo o presidente da respectiva Comisión, así se fixo.

O concelleiro do grupo do BNG, Justo Martínez Ardá, di non entender a explicación dada pola voceira, ao que replica o alcalde que asume que pode que fora un erro seu.

Entrando no debate do asunto, o voceiro do grupo socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai referencia a que propuxeron unha persoa para representar ao Concello na comisión que traballa na devolución do Pazo do Meirás e dende a Deputación se lles informa que o Concello de Fene no forma parte da comisión. Solicita que se revise esta situación e se solucione o antes posible.

Indica tamén que a única dúbida é se houbo danos materiais, e se os houbo que se indemnicen, estando de acordo co resto das reivindicacións.

O voceiro do grupo Somos Fene, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, dá a súa conformidade ao exposto polo grupo Socialista e di que é unha sorpresa este asunto, xa que non tiña información de que se ía tratar en pleno.

Bota en falta manifestacións respecto do Palacete de Cernide ou a Casa de Franco en Ferrol. Cre que dos danos hai que facerse cargo e está de acordo con que sexan devoltos os bens usurpados pola familia Franco. Considera que isto foi publicitado por unha formación política e debe asumir as consecuencias.

A voceira do Grupo Mixto, María del Carmen solicita que conste en acta que o voceiro de Somos Fene dixo que non tiña información de que se ía tratar en pleno este asunto, xa que lle asombra. Tamén indica que están a favor da moción, xa que o ven coma unha inxustiza.

A voceira do grupo do PP, Rocío A. Bértoa Puente, di que o Concello de Fene ten unha representante, Amalia Balado, e roga ao BNG que se teñen contacto con alguén deste plataforma, lles faga chegar que esta é a representante municipal.

O voceiro do grupo do BNG, o Sr. Trigo Rey, acláralle ao voceiro do PSOE que os posibles danos que se denuncian, non figuran no atestado da Garda Civil.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple logo de obter 8 votos a favor (3 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo Mixto municipal), con 9 abstencións (7 do grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal Somos Fene).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. **Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.**
2. **Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.**
3. **Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.**
4. **Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato accións legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.**
5. **Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.**

12. Rogos e preguntas

O voceiro do BNG, Sr. Trigo Rey, solicita que todos os asuntos dos que teñen solicitado información e documentación por escrito, en Pleno e en comisións, lles sexan facilitados ou contestados.

O voceiro do PSOE, Sr. Noceda, pregunta en relación a falta de dous puntos de luz na curva de Santa Ana, unha debida a un accidente e outra que xa faltaba. Tamén na mesma zona, na baixada de Santa Ana existen outros dous puntos de luz con problemas. En Tarrío, as beirarrúas están en mal estado previsiblemente polos traballos de desbroce que se fixeron. O parque infantil do Río Cádavo presenta tamén un importante deterioro, solicitando que se amaíe o necesario e se procede a súa limpeza e retirada inmediata do que estea perigoso. Roga tamén amaños e limpeza no parque de enfrente ao do Cádavo e no de Perlío.

A voceira do Grupo Mixto, solicita que se atenda a petición de facilitarlle a copia do listado de facturas solicitadas

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20.07 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.